



## Lírica

### A cinsa do latexo\*

Pablo Sánchez Ferro

#### O ceno das papoulas

Hoxe soñei cun ceo de papoulas  
onde o ceno rosmaba como unha perversa materia

.  
. .  
. . .

\* suspendida na quentura das flores \*

\*

acordei na umbría da ribeira

— deitado —

sobre un corpo palpitante e senlleiro  
como un arrecendo de deusa adurmiñado

unha presenza de cinsa aboiaba e fuxía

na corrente,

era dolorosa como o movemento dunha mosca nas dobras da fez(

quixen gritar o nome dunha libélula

mais a voz                      tiña memoria de coleóptero torpe ,

e de balbucio ,

arrolaba dentro da miña gorxa

e proclamaba

o patrocinio da finitude •

---

\* Escolma poética do libro *La ceniza del latido* (Elcercano, 2017), de P. Sánchez Ferro. Tradución de R. Pichel.

### O precipicio do aire

como a espuma que roza o fio do limo  
na fronteira das pisadas,  
o fulgor do acivro roza

o

¶

precipicio

¶

do aire

o terso frío densifica o hálito e fica suspendido

na claridade da xiada reflíctese

o corpo da ave

na procura do sur :

ficán pegadas fugaces nas presenzas do inverno

### A quimera das abellas

unha fragancia de flor extraviada tremelica entre os xuncos  
abaleada pola airexa da ría,

ten o abaneo das pamelas e das gargalladas

nos pétalos extasiados,

é un incendio de prolongacións e entrañas

o cacarexo agraz da galiña extraviada 0>

“

inverte a orde dos xílgaros

lonxincuo, como un tocadiscos apodrentado

rasposo, como unha carta entre os dentes “””

“””

o cantor recolle a quimera das abellas

mentres a carricanta amolece o seu funguido

nas fracturas da calixe

hai un compás premonitorio no pulso das presenzas

### **Temín as horas**

Temín as horas desesperadas nos ermos Baixo o ardor enigmáticas  
sombros de sede habitaban o silencio : o seu rostro era case unha  
pegada inservíbel , un acento ´ sen reflexo sobre o brunido sal seco  
da pel , coa materia transformada nunha dúbida do tempo : cobizaba  
ser a dobra dunha engurra Mais eu amaba con fervor cada febra de  
puberdade palpitante aínda no cepo das pestanas A secuencia do seu  
ollar era un segredo poboado por xigantes e escintileos Era como a  
sega do trigo nos campos de ouro e poeira Onde ninguén coñecía o  
eco dun pacto de amor abrumado polo berro das petunias.

### **Fun á terra secreta**

Fun á terra secreta da marisma, alí onde se abrasou o sexo púbere  
Encontrei o denso arrecendo das algas húmidas xunto á brevidade  
xembunda da espuma e a voz do limo antigo onde a grúa bica o  
lume das píntegas extraviadas Mais non comprendín que baixo o  
meu peso se instauraba o infindo duelo das cunchas. Amei a brisa  
nas miñas fauces declinantes , desde que me soubo a pasado e a  
furia e a froita aceda e a xemidos voluptuosos e a beizos tenros e  
a sardiñas e a pel mollada e a uvas e a pan e a mamilos erectos  
Sóubome a pícnic de namorados e a fíos de herba de primavera.  
Ardín coa fame E quixen rillar a costela onde xermola o infinito.

### **Que gozo!**

Que gozo <devir> tensión púrpura baixo a calidez da umbría can-  
do o <rousinol> ceiba o seu canto ao infindo instante das paixóns!  
Procurei a túa silueta fermosa na palma estendida da man. Xemín  
<entre montes e espesuras> E acheite, amada, como o que acha a  
cinsa do latexo entre as dobras da noite escura.